

Teléfonos de interés:

- Concello de Tomiño: 986 622 001
- Servizos Sociais Municipais: 986 623 211
- Garda Civil Tomiño: 986 622 207
- Policía Local: 986 62 20 06 | 616 974 455
- Centro Saúde Tomiño: 986 622 562
- URXENCIAS: 112
- **TELÉFONO DA MULLER**
(24h., gratuito, non deixa rastro telefónico):
900 400 273
- Teléf. de atención a vítimas de violencia de xénero: **016** (24h. os 365 días do ano)

Oficina de IGUALDADE

- Asesoramento xurídico
(Dereito de Familia, Penal, Laboral...)
- Información sobre recursos
- Programa de Prevención e tratamento integral da violencia de xénero

Horario de atención:

Mércores de 16h00 á 20h00

PREVIA CITA chamando ao
T. 986 623 211 (de 8h30 a 15h00)
Rúa Rocha, sn. Tomiño.

(Dependencias dos Servizos Sociais Municipais)



Qué é?

A Oficina de Igualdade do Concello de Tomiño é un servizo que proporciona **asesoramento xurídico e información** en materia de recursos dispoñibles e calquera outra información encamiñada á consecución da **igualdade das mulleres**, cofinanciado polo Concello de Tomiño, a Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

Persoas ás que vai dirixido

Mulleres do Concello de Tomiño, con atención preferente ás situacións de violencia de xénero

Principios de actuación

- **Anonimato** de identidade das usuarias e confidencialidade
- Servizo **gratuíto**.
- **Respecto** á vontade das usuarias na busca de posibles solucións e alternativas das consultas expostas.
- **Colaboración e traballo conxunto** con aqueles departamentos municipais e supramunicipais que resulten necesarios en cada caso concreto e, en xeral, na consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Servizos

- **Asesoría xurídica** O servizo ofrece asesoramento xurídico en dereito de familia (separación, divorcio, pensións alimentarias, custodia de menores...), dereito penal (especial atención a Violencia de xénero), dereito laboral (condicións de traballo, permisos, excedencias...) e trámites administrativos (solicitud de axudas públicas, xustiza gratuíta, recursos administrativos...) e en xeral en todos aqueles ámbitos relacionados coa consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

- **Derivacións:** ademais do estrito asesoramento xurídico, o servizo ofrece unha atención individualizada a través da cal infórmase ás mulleres dos recursos existente e lévanse a cabo as derivacións necesarias para que reciban a atención noutros departamentos municipais ou supramunicipais, unha vez examinada a súa situación particular (xustiza gratuíta, servizos sociais municipais e departamento municipal de Orientación laboral, asistencia psicolóxica...)

Violencia de Xénero: como manifestación máxima da desigualdade entre homes e mulleres, e tendo en conta as graves consecuencias que esta violencia produce na muller e nos/as menores ao seu cargo, a Oficina de Igualdade presta especial atención ás situacións de Violencia de xénero, tanto no momento previo á denuncia coma despois, ao fin de **facilitar a saída da situación de violencia, o coñecemento dos seus dereitos e o acceso aos distintos recursos, e evitar a dobre victimización, así coma a tramitación de axudas e recursos existentes en cada caso, coas derivacións necesarias, especialmente a atención psicolóxica.**

Teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero

O Servizo de Teleasistencia Móbil para vítimas de violencia de xénero é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía adecuada, lles ofrece ás vítimas que contan con orde de protección unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida para as eventualidades que lles poidan sobrevir **as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal sexa o lugar no que se atopen**. Requisitos de acceso:

- **Non convivir coa persoa ou persoas que as someteron ao maltrato.**
- **Que conten cunha orde de protección, sempre que o xuíz que a emitiu non considere contraproducente este servizo para a seguridade da usuaria.**